

Sr. Presidente de A.C.I.S.A. e hosteleiros
Avda.Asturias, 21-23.
27700 RIBADEO

Ribadeo, 27.06.2011.

Estimado/a veciño/a e hostaleiro/a:

Ao comezar este novo mandato municipal, dende esta Alcaldía quero facerlle chegar unha serie de consideracións acerca das pautas que se seguirán co fin de acadar unha boa convivencia entre todos os veciños desta Vila, garantizando con elo o dereito dos hostaleiros e empresarios de hostelería en xeral para o desenvolvemento dos seus negocios no denominado ocio nocturno e o dereito ao descanso e a conciliación de vida íntima e familiar por parte do vecindario en xeral.

Unha das competencias municipais é a vixilancia e control medioambiental, segundo dispón a Lei 1/1995 de Protección Ambiental de Galicia.

O Decreto 320/2002, de 7 de novembro aprobatorio do Regulamento, por outra parte, establece as Ordenanzas tipo sobre protección contra a contaminación acústica en desenvolvemento da Lei 7/1997, de 11 de agosto de protección contra a contaminación acústica.

Igualmente a Lei 37/2003, de 17 de novembro do ruído, fixa unhas niveis máximos de ruído no interior dos edificios e de emisión destes ruídos ao exterior.

Ata o de agora iniciáronse algúns expedientes sancionadores por infraccións destas normas así como outros que se levan a cabo pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, da Xunta de Galicia, respecto ás denuncias por infraccións nos horarios de peche dos establecementos.

Igualmente a Garda Civil ademáis de controlar, no exercicio das súas funcións, os horarios de peche e outros extremos respecto das licencias e autorizacións para o desenvolvemento destas actividades presta un control sobre o consumo de bebidas alcohólicas por menores, sobre cuxa materia tamén se instrúen expedientes.

É necesario, naturalmente, a preservación de todos os intereses en conflito, pero dun xeito máis preciso, entendo, aqueles especialmente protexidos na Constitución Española como son o dereito á intimidade persoal e familiar, á inviolabilidade do domicilio, á protección da saúde, así como o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida.

Con este obxecto, repito e reitero, e sempre tratando de conciliar os intereses de todos os colectivos implicados, quero indicarlle que, como propietario ou titular dun negocio de hostelería con traballo en horario nocturno, deberá cumprir estrictamente coas obrigas legais das disposicións citadas así como con aquelas que se fixaran na correspondente licenza municipal, especialmente no tocante as emisións de rúidos ao exterior e vivendas colindantes, control estricto dos horarios de apertura e peche, control de consumo de bebidas alcohólicas por menores, control de bebidas na rúa, etc.

Quero significarlle igualmente que por parte do Concello se porán todos os medios precisos para a colaboración necesaria e co fin de garantir os dereitos aludidos, pero que tamén se adoptarán todas cantas medidas sancionadoras sexan necesarias no caso de incumprimento ou pasividade na adopción das medidas correctoras polos establecementos.

** Remítolle como anexo copia do D.O.G. cos horarios, en vigor, dos distintos establecementos, para o seu coñecemento, efectos e cumprimento en función da actividade para a que vé. ten licenza.*

Reciba un cordial saúdo,

**Asdo.: FERNANDO SUÁREZ BARCIA
ALCALDE-PRESIDENTE.**